

MANIFESTO DE TODOS OS ALCALDES E ALCALDESAS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL EN APOIO ÁS DEMANDAS DOS TRABALLADORES DA COMARCA

Diferentes problemáticas dos últimos tempos, como a decisión de Endesa de peche da produción eléctrica de carbón, a menor carga de traballo no sector naval, a deslocalización da industria do plástico, a incerteza derivada dunha falta de estabilidade no prezo da enerxía eléctrica e tamén a falta de solucións a problemas estruturais históricos da nosa comarca, están a provocar a perda dunha boa parte do tecido industrial.

As nosas comarcas (Ferrolterra, Eume e Ortegal) ven como paulatinamente, e a pesar da súa enorme tradición industrial, van despoboándose polo o peche ou pola desaparición dalgunhas das empresas que levaban máis de tres décadas traballando ininterrompidamente, pola carencia de emprego estable na zona e pola ausencia de moitas das infraestruturas de comunicación básicas para que os territorios sexan competitivos.

Por iso os Alcaldes e Alcaldesas das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal formulamos as seguintes medidas:

- Navantia segue sendo o principal motor industrial de Ferrolterra e para consolidar o seu liderado, debe abordar con carácter urxente o desenvolvemento do Estaleiro 4.0 tanto no referido ao taller de bloques, que está pendente do seu inicio, como a procurar o financiamento para a construción e o desenvolvemento do dique cuberto, que aínda non iniciou a súa tramitación ambiental. Iso garantirá a súa adaptación tecnolóxica, reducirá custos e mellorará notablemente a súa competitividade.

- A industria auxiliar da comarca desenvólvese para complementar estas capacidades da empresa principal. Desta forma ese saber facer vai sobrevivindo, e así segue facendo de Ferrol unha área industrial con capacidade para continuar acometendo proxectos de futuro con confianza.

- Para paliar a ausencia actual de carga de traballo en Navantia e que o plan estratéxico siga o seu curso, é necesario abordar un pedido ponte que garanta carga de traballo para os meses próximos, seguir impulsando os proxectos de eólica mariña (realizando operacións con maior valor engadido, compoñentes, etc.) e ampliar o mercado a outras operacións na área de Reparacións. Tamén cómpre aproveitar o potencial e a capacidade que demostrou a Fábrica de Turbinas que debe seguir sendo unha Unidade Produtiva de Navantia que, ademais de asumir o traballo de fabricación de dispositivos para a construción naval, aproveite todo o potencial e poida abordar de forma competitiva procesos previstos na transición enerxética (coxeracións, eólica terrestre, incorporación de turbinas de gas e/ou eólica terrestre e mariña).

A xeración de enerxía eólica mariña é actualmente unha tecnoloxía emerxente e limpa na xeración eléctrica. Nas comarcas de Ferrolterra xa existen todos os recursos e un sector forte que xira ao redor desta tecnoloxía.

Deberíase dar saída de forma inmediata á normativa estatal para o desenvolvemento da eólica *offshore*, que xa pasou o período de consultas e eliminar todas as restricións regulatorias que poidan existir para a instalación de parques eólicos no contorno das costas galegas para que Galicia siga sendo un referente nacional en produción de enerxía limpa (xa o é en eólica terrestre e actualmente desenvólvense proxectos para outros países, neste caso para a instalación de aerogeneradores *offshore*).

Navantia está a actuar ademais como tractor de desenvolvemento tecnolóxico, levando a cabo proxectos de investigación e innovación en conxunto coas Universidades de Vigo e da Coruña, centros tecnolóxicos e empresas, dos que se espera obter non só produtos aplicables no ámbito da construción naval, senón tamén para promover na zona a inquietude pola investigación e desenvolvemento tecnolóxicos.

Por iso, a totalidade dos alcaldes e das alcaldesas das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal manifestamos o noso firme apoio ás demandas expostas polos Comités de Navantia Fene e Ferrol que pasan por reclamar un conxunto de medidas que permitan abordar o progresivo despoboamento dos nosos concellos, a rexeneración económica das comarcas, a reactivación industrial e a xeración e consolidación de emprego.

9 de novembro de 2020

AS ALCALDESAS E OS ALCALDES DAS COMARCAS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL